



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

Comité de Regulación da Escalada en Faro Budiño

INFORME

25 de febreiro de 2008

O **25 de outubro** 2007 celebrouse no edificio das Federacións, en Vigo, unha **reunión crucial** na que se perfilaron e acordaron as cuestións básicas sobre a creación e funcións do Comité de Regulación da Escalada en Faro Budiño, así como os seus 7 membros, elixidos polos representantes de clubs de Pontevedra e outros escaladores representativos da zona. Desta reunión da conta o Director Técnico da FGM mediante **circular de 7 de novembro**. Nela plasmábanse as **CONCLUSIÓN**S ás que se chegou, e que **constitúen o noso GUIÓN DE TRABA**LLO. Na páxina da FGM se pode consultar a documentación relativa a este proceso.

A **Reunión Constitutiva** do Comité tivo lugar o **15 de novembro de 2007**. Nesta reunión, e como resposta o obxectivo de “**establecer o seu funcionamento interno**”, elaborouse **unha proposta** de estatuto, que se manterá como referencia e que despois das variacións oportunas será aprobado cunha duración igual á dos membros no comité.

Despois desta primeira xuntanza sucedéronlle **tres mais**: o 21 de decembro, o 30 de xaneiro e o 14 de febreiro, levantando actas-resumo de cadansúa, sendo a vindeira o **mércores 23 de marzo**.

Na **última reunión do Comité** se decidiu **emitir a seguinte nota** co fin de informar sobre os avances que se están a dar.

PREMISAS

- A **cuestión** a resolver é **difícil e complexa**. Non en van, pasaron mais de **15 anos** dende a **primeira reunión** formal ó respecto, e **as medidas** sucesivas sempre tiveron un **carácter parcial** lonxe da cohesión, homoxeneidade e coherencia que se persegue.
- **O resultado non vai ser do gusto de todos**, incluso de nós mesmos, pero estamos traballando para que tódolos estilos de escalada estean representados.
- Conscientes da impaciencia que se pode xerar no colectivo, e incluso entre nós, **pedimos paciencia** para así **rachar coa mala dinámica** que caracterizou a evolución de Budiño: **o impulso e a precipitación**.
- No debate, a **tolerancia e o respecto** a posicións enfrontadas debe primar por enriba de todo, tentando abstraernos dos nosos intereses particulares, evitando a subxectividade e poñendo por diante **a defensa de tódolos estilos de escalada**.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

PROCESO DO TRABALLO

O proceso lóxico debe pasar necesariamente por CATRO etapas:

1. **PREPARATIVOS:** Establecemento das dinámicas de traballo, recollida dos datos necesarios.
2. **ANALISE E DEBATE:** Deliberación obxectiva cos datos obtidos.
3. **RESOLUCIÓN:** Toma de decisións, elaboración das normas.
4. **SEGUIMIENTO:** Velar polo cumprimento das normas, promover e dinamizar as accións de mantemento das nosas “instalación deportiva”.

OBXECTIVOS:

1. Creación dun informe do estado actual das “vías clásicas” (descrición do seu equipamento, limpeza de base y percorrido, estado de abandono, modificacións de percorrido...)
2. Frear a proliferación de accións de reequipamiento non consensuadas sobre o ben colectivo que supoñen as paredes e as súas vías.
3. Garantir a seguridade e durabilidade dos equipamentos. Materiais.
4. Respetar certo carácter “histórico” dalgunhas vías.
5. Velar por todos os estilos de escalada presentes.
6. Detectar e respostar ante vías de alto interese e en situación de abandono (por acceso, equipamento e limpeza de recorrido)
7. Asesorar nos aspectos técnicos necesarios. Decisións técnicas tomadas por técnico federativo cualificado.
8. Velar por actuacións co menor dano á rocha, á estética da parede, á vexetación e á fauna que nela habita.
9. Ser competente na xustificación dogmática e técnica das necesidades de reequipamiento en primeiro lugar, e en segundo, e a nivel consultivo, de novas aperturas que se presente/n baixo solicitude.
10. Establecer “normas” ou criterios nos reequipamentos e recomendacións para as novas aperturas.
11. Elaboración dun calendario de actividades para actuacións de mantemento, co fin de evitar “abandonos” de vías e accesos, e de promoción dos estilos de escalada, actividades que serán propostas ós clubs



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO

SITUACIÓN ACTUAL

- A día de hoxe o Comité realizou un inventario das vías de Budiño, incluídas as da Guía de Escalada en Galicia e tódalas aperturas posteriores realizadas ata a data. Este inventario inclúe o seu estado de transitabilidade, tanto no que se refire a equipamento como a vexetación, así como de posibles erros de equipamento ou modificacións de trazados...
- Estase a debater sobre utilidade das posibles clasificacións das vías de escalada dende diferentes perspectivas, coa intención de valorar por grupos, si é posible, as posibilidades de reequipamento.
- Especial consideración nos debates se tivo en dar unha pronta resposta á proposta do 2007 de “reequipación e acondicionamento” pero tendo en conta que debe entrar dentro do contexto dunha “norma xeral” non se podería dar mais que de xeito parcial e presentada no momento oportuno.
- Perfiláronse acordos en canto a recomendacións sobre as calidades óptimas dos materiais fixos de equipamento, limpeza da vía e accesos, “interese” da liña, ...

REFLEXIÓN FINAL

Creemos que é contraproducente anticiparnos por mor das presas e tomar decisións puntuais que por aventuradas, insuficientemente reflexionadas e debatidas ou impulsivas, hipotequen as sucesivas resolucións sen previamente ter feito un pormenorizado e profundo análise da realidade na que se fraguou o Budiño actual.

A nosa proposta de solución debe ser presentada dende **diversas perspectivas: técnica, evolutiva, dogmática e práctica, responsable e con proxección de futuro,...**

Os membros do comité contamos coa vosa **CONFIANZA, PACIENZA E APOIO** para que o obxectivo dunha óptima regulación das accións nas paredes de Budiño sexa pronto unha realidade que nos satisfaga a todos.

Grazas e un saúdo.

O Comité